

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, de data 14 de abril de 2025, relativo á concesión dunha axuda de emerxencia social por importe de 300,00 euros ao beneficiario descrito no informe social do expediente SIUSS 3671 para atender o pago de aluguer.

En uso das facultades concedidas nos artigos 184, 185, 186 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como nos artigos 59 e seguintes do Real Decreto 500/90, esta Alcaldía, visto o informe de intervención, acorda:

Primeiro.

Levantar o reparo interposto pola intervención, por considerar que pese ó mesmo debe efectuarse o pago das prestacións efectivamente realizadas, en base ó principio de enriquecemento inxusto da administración.

Segundo.

Que se autorice, dispoña e recoñeza un gasto por importe de 300,00 € correspondente á subvención directa de emerxencia social, aplicación orzamentaria, 231-48 Acción Social. Emerxencia social.

Terceiro.

Que se traslade a presente resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería do Concello.

Cuarto.

Dar conta do presente Decreto ao Pleno na próxima sesión que este celebre.

O Alcalde,
Roberto José Alvarez Carrero

Documento asinado dixitamente á marxe

